

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1311XV	<i>Expediente</i> CON/39/2018	<i>Fecha</i> 26-11-19 10:02

Número 13 .- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación de "subministración de postos de traballo informatizados para a solución de administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, dentro do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020".

*Destinatario*

15078DCMG1311XVZ



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 25 de novembro de 2019 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 13 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE FACENDA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE "SUBMINISTRACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO INFORMATIZADOS PARA A SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, DENTRO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMENTO SOSTIBLE 2014-2020".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, da proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda, de data 19 de novembro de 2019. Así mesmo, do informe con observación da técnica de Administración Xeral, número 2019/1053 de 15.11.19.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Marta Abal Rodríguez**, concelleira delegada de economía e facenda, persoal, contratación e modernización da administración local, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2019,

**EXPÓN:**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1311XV	CON/39/2018	26-11-19 10:02

1. Con data 30 de maio de 2018, cunha posterior adaptación de 30 de setembro de 2019, o xefe de servizo de informática emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade da contratación da subministración de postos de traballo informatizados para a solución de administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional dentro do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

2. Con data 6 de xuño seguinte, a concellería delegada competente formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria.

3. Coa mesma data, a concelleira delegada de economía e facenda, resolveu iniciar o expediente proposto, ó que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

4. Finalmente, xa o día 19 de novembro de 2019, e unha vez subsanadas deficiencias apreciadas en informe de fiscalización da Intervención municipal de data 15 do mesmo mes, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que "o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da Lei 9/2017 polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación".

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Ley 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1311XV	CON/39/2018	26-11-19 10:02

### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Subministración de postos de traballo informatizados para a solución de administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional dentro do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante **procedemento aberto**, establecéndose un tipo de licitación de **433.665,87 euros IVE** aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 91.069,83 euros.

O proxecto será financiado co cargo ás axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) para cofinanciamento mediante o Programa Operativo FEDER Plurirrexional de España 2014-2020, convocadas por orde HAP/2427/2015, concedidas segundo Resolución de 29 de setembro de 2016 da Secretaría de Estado de Presupostos y Gastos, publicada no BOE 239 de 3 de outubro de 2016.

O importe do proxecto financiable, correspondente á liña de actuación OT2, é de 524.735,70 euros, sendo a taxa de cofinanciación do 80% (419.788,56 euros) e comprometéndose o asumir o Concello o 20% restante (104.947,14 euros).

Cofinanciamento	Importe con IVE	EDUSI OT2	PROPIO
Anualidade / %		80,00%	20,00%
2020	318.640,76	254.912,61	63.728,15
2021	206.094,94	164.875,95	41.218,99
TOTAL	524.735,70	419.788,56	104.947,14

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **030 92001 62600 (2018-2-EDUSI-6)**.

A subministración de equipamento realizarase baixo demanda durante a vixencia do contrato, cumprindo en todo o caso os fitos

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1311XV	CON/39/2018	26-11-19 10:02

establecidos. En base isto e coa previsión do inicio do contrato a 1 de xaneiro de 2020, as anualidades serían as seguintes:

Exercicio	Duración	Importe s/IVE	IVE	Importe c/IVE
2020	12 meses	263.339,47	55.301,29	318.640,76
2021	6 meses	170.326,40	35.768,54	206.094,94
<b>TOTAL</b>	<b>18 meses</b>	<b>433.665,87</b>	<b>91.069,83</b>	<b>524.735,70</b>

A vista da data prevista para o inicio efectivo da subministración, este expediente tramitase como anticipado de gasto, quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión no vindeiro exercicio orzamentario."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Aprobar o expediente denominado **Subministración de postos de traballo informatizados para a solución de administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional dentro do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 433.665,87 euros, IVE aparte.**

O IVE correspondente, (21% da cantidade anterior), ascende a 91.069,83 euros.

O proxecto será financiado co cargo ás axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) para cofinanciamento mediante o Programa Operativo FEDER Plurirrexional de España 2014-2020, convocadas por orde HAP/2427/2015, concedidas segundo Resolución de 29 de setembro de 2016 da Secretaría de Estado de Presupostos y Gastos, publicada no BOE 239 de 3 de outubro de 2016.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1311XV	CON/39/2018	26-11-19 10:02

O importe do proxecto financiable, correspondente á liña de actuación OT2, é de 524.735,70 euros, sendo a taxa de cofinanciación do 80% (419.788,56 euros) e comprometéndose o asumir o Concello o 20% restante (104.947,14 euros).

Cofinanciamento	Importe con IVE	EDUSI OT2	PROPIO
Anualidade / %		80,00%	20,00%
2020	318.640,76	254.912,61	63.728,15
2021	206.094,94	164.875,95	41.218,99
TOTAL	524.735,70	419.788,56	104.947,14

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 62600 (2018-2-EDUSI-6).

A subministración de equipamento realizarase baixo demanda durante a vixencia do contrato, cumprindo en todo o caso os fitos establecidos. En base isto e coa previsión do inicio do contrato a 1 de xaneiro de 2020, as anualidades serían as seguintes:

Exercicio	Duración	Importe s/IVE	IVE	Importe c/IVE
2020	12 meses	263.339,47	55.301,29	318.640,76
2021	6 meses	170.326,40	35.768,54	206.094,94
TOTAL	18 meses	433.665,87	91.069,83	524.735,70

A vista da data prevista para o inicio efectivo da subministración, este expediente tramítase como anticipado de

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1311XV	<i>Expediente</i> CON/39/2018	<i>Fecha</i> 26-11-19 10:02

gasto, quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión no vindeiro exercicio orzamentario.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

  
Asdo: Gumerindo Cuartre Cabada